

ESTATUTOS DO RADIO CLUB LUGO

TÍTULO I

DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Art.-1º

Constitúese no Concello de Lugo, unha Asociación que se denominará: “RADIO CLUB LUGO”, e que se rexerá pola vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable, dentro do marco da Constitución e do resto do ordenamento xurídico.

Art.-2º

Son fins e actividades do Radio Club Lugo:

a) Investigar en torno á electrónica e ás comunicacións radioelétricas e as súas consecuencias, dentro das bandas, frecuencias e canles xuridicamente establecidos para o servizo de radioaficionados pola Unión Internacional de Telecomunicacións e a Dirección Xeral de Telecomunicacións.

b) Procurala unión e a amizade entre os seus asociados e entre aquelas persoas que simpaticen con estas actividades.

c) Prestar apoio técnico, dentro das limitacións da propia sociedade e as que os regulamentos de estacións de afeccionados/as establezan ó Servizo de Protección Civil, e demais institucións do Estado, poñendo a súa disposición aqueles medios que no momento de ser requiridos, dispoñan os socios/as, así como aqueles que dun colectivo dispoña a sociedade.

d) A asociación velará polo cumprimento por parte dos seus membros, da normativa vixente en materia de radiocomunicacións formulada polo Regulamento de Radiocomunicacións Internacional con carácter xeral e asemade polo tamén Regulamento de Estacións de Radioaficionados aprobado por O. M. do 21 de marzo de 1.986.

e) O Radio Club Lugo non ten fins lucrativos nin está sometido a ningún réxime asociativo específico.

Art.-3º

O domicilio do Radio Club Lugo radicarán en Lugo, Avenida das Fontiñas número 302, Entreplanta A, Código Postal 27002, dispoñendo ademais do apartado de correos número 351, Código Postal 27080 de Lugo, para todo tipo de correspondencia.

Art.-4º

O Radio Club Lugo desenvolverá as súas actividades dentro do ámbito territorial de Galicia, a súa duración será indefinida e só se disolverá, conforme a estes Estatutos,

pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral convocada ó efecto e por calquera das causas previstas nas leis así como por sentenza xudicial firme.

Art.-5º

A Xunta Directiva, como órgano de representación do Radio Club Lugo, será competente para interpreta-los preceptos contidos nos Estatutos, someténdose en todo momento á normativa legal vixente en materia de Asociacións.

Os presentes Estatutos serán desenvolvidos e cumpridos mediante acordo que validamente adopten a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dentro das súas respectivas competencias.

TÍTULO II

DOS ÓRGANOS DIRECTIVOS E DA FORMA DE ADMINISTRACIÓN

Art.-6º

A Dirección e Administración do Radio Club Lugo serán exercidas polo Presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Art.-7º

O Presidente do Radio Club Lugo, que o será tamén da Xunta Directiva, asume a representación legal do mesmo e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, presidindo as sesións que celebre unha e outra.

Art.-8º

A Xunta Directiva é o órgano de representación que xestiona e representa os intereses do Radio Club Lugo, de acordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral. Estará formada por un Presidente, un Vicepresidente, un Tesoureiro e un Secretario Xeral.

Só poderán formar parte da Xunta Directiva aquelas persoas físicas que ostenten a condición de asociados fundadores ou de número, que sexan maiores de idade, que estean en posesión de licencia de radioaficionado, teñan o pleno uso dos dereitos civís e non estean incurso nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente.

Art.-9º

Os cargos que compoñen a Xunta Directiva elixiranse pola Asemblea Xeral, entre tódalas candidaturas que se presenten, previamente convocadas as eleccións, resultando elixida de entre todas elas aquela que obteña máis votos, tras un previo proceso no que se fará a presentación de cada unha delas e do seu programa de goberno pola persoa que as encabece. En todo caso, nas candidaturas presentadas á Xunta Directiva deberán estar perfectamente determinados e distribuídos os distintos cargos da mesma entre os seus integrantes.

As candidaturas presentaranse dentro do prazo de dez días naturais ó da convocatoria, que se realizará por correo a cada un dos asociados con plenos dereitos. Dez días despois, levaranse a cabo as eleccións.

Art.-10º

O voto ha de ser persoal e directo previa presentación ó Presidente da mesa electoral do DNI, podendo esixi-la mesa a calidade de asociado/a con plenos dereitos.

Non se considerará asociado en plenos dereitos, aquel ou aqueles, que non estean ó corrente do pago dos seus recibos de cota anual ou dalgunha outra das súas obrigas sociais.

Art.-11º

A mesa electoral estará presidida por tres asociados/as maiores de idade que non figuren en ningunha das candidaturas que se presenten.

Art.-12º

Aqueles asociados que por calquera razón non puideran estar presentes no acto electoral, poderán depositalos seus votos enviándoos por correo dentro dun sobre en branco, que o Radio Club Lugo proporcionará, e un segundo sobre co remite correspondente ó asociado que así desexe exercelos seus dereitos ó voto. O sobre remitido ó Radio Club Lugo, especificando “mesa electoral”, ha de ser recibido 48 horas antes do día do escrutinio.

Art.-13º

Fora destes sistemas de exercelo dereito do voto, non será aceptado ningún outro.

Art.-14º

Os cargos da Xunta Directiva durarán un período de catro anos, aínda que poderán ser obxecto de reelección. No caso de vacante dalgún dos cargos e, en todo caso, no non previsto ó respecto nestes Estatutos, a Xunta Directiva poderá nomear provisionalmente á persoa que estime axeitada, ata a nova elección de cargos.

Os cargos da Xunta Directiva poderán causar baixa por expiración do mandato, por incumprimento das obrigas que teñan encomendadas ou por renuncia voluntaria comunicada por escrito á xunta directiva.

Os cargos da Xunta Directiva que esgotaran o prazo para o cal foron elixidos continuarán ostentando os seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación daqueles asociados que os substitúan.

Art.-15º

Os membros da Xunta Directiva non percibirán retribución polo cargo desempeñado.

Art.-16º

É función da Xunta Directiva, programar e dirixi-las actividades sociais e leva-la xestión administrativa e económica do Radio Club Lugo, someter á aprobación da

Asemblea Xeral o presuposto anual de gastos e ingresos, así como o estado de contas do ano anterior.

Art.-17º

A Xunta Directiva celebrará as súas sesións tantas veces o determine o Presidente, a iniciativa propia ou a petición de polo menos tres dos seus compoñentes. Será presidida polo Presidente e, na súa ausencia, polo Vicepresidente, se o houbese, e a falta de ámbolos dous, polo membro da Xunta Directiva que teña máis idade.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados por maioría de votos dos asistentes, sendo precisa a concurrencia, polo menos da metade máis un dos seus membros, incluídos o Presidente e o Secretario ou quen estatutariamente os substitúan. Das sesións o Secretario, ou no seu defecto, o Vicesecretario, se o houbese, levantarán acta, que se transcribirá ó Libro de Actas.

Art.-18º

Os membros da Xunta Directiva presidirán as Comisións que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de demandar das mesmas as informacións necesarias. Formarán parte, ademais, das ditas Comisións o número de Vocais que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos Presidentes.

Art.-19º

O Presidente da Xunta Directiva terá, ademais das facultades asignadas no Art.-7º, as seguintes atribucións:

- a) Convocar e levanta-las sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixi-las deliberacións de unha e outra, decidindo con voto de calidade no caso de empate.
- b) Propoñe-lo plano de actividades da Asociación á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- c) Ordena-los pagamentos acordados validamente.
- d) Contratar ou despedilo persoal administrativo.
- e) Firmar escrituras.
- f) Visar aqueles documentos ou certificacións que, facendo uso das súas facultades, expida o Secretario Xeral.
- g) O Presidente estará asistido nas súas funcións polo Vicepresidente, se o houbese, que ademais o substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Art.-20º

O Vicepresidente substituirá ó Presidente en caso de ausencia, de renuncia ou falecemento. Se a ausencia fose por algún dos dous derradeiros motivos, farao en

calidade de Presidente eventual ata finalizalo mandato da Xunta Directiva, se así o estimase necesario, ou se o solicitasen a metade máis un dos asociados con plenos dereitos, ou a metade máis un da Xunta Directiva.

Art.-21º

O Tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes ó Radio Club Lugo, será o encargado da contabilidade da Asociación, coidará o patrimonio social, se o houbera, realizando un inventario anual, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente. Así mesmo, formalizará o presuposto anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior, que deben ser presentadas á Xunta Directiva, para que esta a súa vez, os someta á aprobación da Asemblea Xeral.

Art.-22º

O Secretario Xeral recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o Libro de Rexistro de Socios e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da Asociación. Dará fe dos actos regulamentarios da Asociación, levantando as correspondentes actas, estenderá certificados das mesmas co Visto e Prace do Presidente e será o Xefe do persoal administrativo e auxiliar que o Radio Club Lugo poida contratar.

Art.-23º

Cada un dos compoñentes da Xunta Directiva, terá os deberes propios do seu cargo, así como os que nazan das delegacións ou comisións que a propia Xunta lles encomende.

Incumbirá de maneira concreta ó Secretario velar polo cumprimento das disposicións legais vixentes en materia de Asociacións, custodiando a documentación oficial da entidade, expedindo certificacións das actas e dos acordos tomados polos órganos de goberno e representación co visto e prace do Presidente e facendo que cursen á Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local as comunicacións sobre designación da Xunta Directiva, celebración de Asembleas Xerais, formalización do estado de contas e aprobación dos presupostos anuais.

Art.-24º

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno do Radio Club Lugo, integrado polos asociados, que adopta os seus acordos polo principio maioritario ou de democracia interna, e que se reunirá sempre que o acorde a Xunta Directiva, por propia iniciativa ou polo que acorde a décima parte dos seus asociados.

Obrigatoriamente a Asemblea Xeral deberá ser convocada en sesión ordinaria, polo menos unha vez ó ano, para aproba-lo Plano Xeral de actuación do Radio Club Lugo, censura-la xestión da Xunta Directiva, aprobar, no seu caso, os presupostos anuais de ingresos e gastos, así como o estado de contas correspondentes ó ano anterior e cantas outras cuestións se sometan á votación no capítulo de rogos e preguntas.

Art.-25º

A Asemblea Xeral convocarase pola Xunta Directiva, con carácter extraordinario, cando o esixan as disposicións vixentes, o acorden os membros da Xunta

Directiva ou o solicite un número de asociados con plenos dereitos non inferior ó 10 por 100, na que a orde do día versará exclusivamente sobre o tema ou temas que motiven a súa celebración. A convocatoria será por carta ós/as socios/as con quince días de antelación para os seguintes puntos:

- a) Disolución da Asociación.
- b) Modificación dos Estatutos.
- c) Elixi-los membros da Xunta Directiva.
- d) Constitución de Federacións, Confederacións ou Unións ou a súa integración nelas.
- e) Declaración da Sociedade como de Utilidade Pública.
- f) Disposición ou alleamento de bens.
- g) Expulsión de asociados a proposta da Xunta Directiva.
- h) Aprobación do regulamento de réxime interno da asociación

Art.-26º

As convocatorias das Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias, serán feitas por escrito, expresando o lugar, data e hora da reunión, así como a orde do día. Entre a primeira convocatoria e o día da reunión deberán mediar polo menos quince días naturais; a segunda convocatoria realizarase media hora máis tarde da primeira.

Así mesmo incluíranse na orde do día das convocatorias aqueles asuntos propostos por un número de asociados da asociación non inferior ó 10 por 100, que as presentarán perante o Secretario da Xunta Directiva cunha antelación mínima de sete días á celebración das sesións das Asembleas Xerais.

Art.-27º

A convocatoria da Asemblea Xeral extraordinaria de modificación dos Estatutos da asociación estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 7 días para que calquera asociado poida dirixir ó Secretario as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días á realización da mesma.

Art.-28º

As Asembleas Xerais Ordinarias ou Extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria, cando concorran a elas, presentes ou representados, a metade máis un dos asociados. Caso de non obterse quórum, podería reunirse a Asemblea en segunda convocatoria, no lugar e datas publicadas nos anuncios, e caso de non haberse previsto esta eventualidade, deberá ser feita esta segunda convocatoria con oito días de antelación a data da reunión. En segunda convocatoria entenderase validamente constituída a Asemblea calquera que sexa o número de socios presentes ou representados. A representación limitarase a outro socio, sen que este poida representar a máis dun socio.

Art.-29º

Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen ós negativos. Non obstante, requirirán maioría cualificada das dúas terceiras partes das persoas presentes ou representadas, os acordos relativos á disolución da asociación, modificación dos Estatutos e disposición ou alleamento de bens.

Art.-30º

A Xunta Directiva resérvase o dereito de decisión, sobre situacións non contempladas nestes Estatutos, sempre que non sexan incompatibles coas xa existentes e non estean en contradicción coa Lei vixente reguladora do dereito de asociación e demais disposicións regulamentarias que a desenvolvan.

Art.- 31º

Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

Art.- 32º

O Radio Club Lugo disporá dunha relación actualizada dos seus asociados, levará unha contabilidade que reflicta a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como as actividades realizadas, efectuará un inventario dos seus bens e recollerá nun libro de Actas as reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.

TÍTULO III

DOS ASOCIADOS, DEREITOS E OBRIGAS

Art.-33

Poderán ser membros do Radio Club Lugo, libre e voluntariamente, as persoas físicas e as persoas xurídicas, legalmente constituídas, sexan estas públicas ou privadas, que dalgunha maneira teñan interese en servi-los fins do mesmo, cumpran as condicións establecidas nos estatutos e sexan admitidos pola Xunta Directiva, a cal poderá outorgalo nomeamento de membro honorario ás persoas que estime oportuno, a título meramente honorífico, sen que iso leve consigo a condición xurídica de asociado.

As persoas físicas deberán ter capacidade de obrar e non estarán suxeitas a ningunha condición legal para o exercicio do dereito. Os menores non emancipados de máis de catorce anos necesitarán o consentimento, documentalmente acreditado, das persoas que deban supli-la súa capacidade.

As persoas xurídicas de natureza asociativa requirirán, para formar parte da asociación, o acordo expreso do seu órgano competente e as de natureza institucional o acordo do seu órgano rector.

Art.-34º

Para ser asociado/da do Radio Club Lugo requírese:

- a) Ser persoa física ou xurídica, maior de idade ou estar en posesión do Diploma de Operador ou Licencia de Radioaficionado.
- b) Non estar incapacitado civilmente.
- c) Solicitalo voluntariamente.

Recibida a solicitude, a Xunta Directiva decidirá se procede ou non, a admisión do/a solicitante.

Art.-35º

Os asociados/as serán das seguintes clases:

- a) Fundadores: os que causen alta ata o momento que se constituía a primeira Xunta Directiva.
- b) De número: os que unha vez admitidos pola Xunta Directiva teñan un ano de antigüidade.

Art.-36º

Pérdese a calidade de asociado por:

- a) Voluntade propia manifestada por escrito.
- b) Falecemento.
- c) Impago da cota social durante os dous primeiros meses do ano natural.
- d) Expulsión. Sendo causa para elo: incumprimento dos Estatutos ou acordos da Asemblea, conducta ou manifestación denigrantes para o Radio Club Lugo.

Os asociados poderán solicita-la súa baixa no Radio Club Lugo voluntariamente, en calquera tempo, pero isto non lles eximirá de satisfacer as obrigas que teñan pendentes con ela.

Art. 37º

A Xunta Directiva poderá separar ou expulsar do Radio Club Lugo a aqueles asociados que os fagan indignos de seguir pertencendo á mesma, así como adoptar calquera outra medida disciplinaria contra aqueles. A separación ou expulsión, así como calquera outra medida disciplinaria adoptada, será precedida de expediente no que deberá ser oído o interesado, o cal será informado dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, imponha a sanción. Este acordo en todo caso deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral e contra a súa resolución poderase recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

Art.-38º

Os Asociados terán os seguintes dereitos:

- a) Participar nas actividades que promova o Radio Club Lugo e nos actos sociais que organice para tódolos asociados.
- b) Gozar de tódalas vantaxes e beneficios que o Radio Club Lugo poida obter.
- c) Asistir e exercita-lo dereito de voz e voto nas Asembleas Xerais. En todo caso cada asociado que sexa persoa xurídica terá dereito a un só voto.
- d) Ser nomeado membro da Xunta Directiva, na forma que prevén os Estatutos.
- e) Posuír exemplar destes Estatutos e ter coñecemento dos acordos adoptados polos órganos directivos.
- f) Ser informado sobre a composición da Xunta Directiva da asociación.
- g) Que se lle poña de manifesto o estado de contas e ingresos e gastos do Radio Club Lugo tódolos anos, así como o desenvolvemento da súa actividade.
- h) A impugna-los acordos dos órganos do Radio Club Lugo que estime contrarios á lei e ós Estatutos.

Art.-39º

O socio fundador e o de número, poderán participar en tódalas deliberacións das Asembleas Xerais, Ordinarias e Extraordinarias, con voz e voto, así como elixir e ser elixidos cargos Directivos. Poderán exercer estes dereitos estando o corrente do pago da cota de socio e cun ano de antigüidade como mínimo.

Art.-40º

Os asociados poderán ser sancionados pola Xunta Directiva por infrinxi-los presentes Estatutos, ou os acordos da Asemblea Xeral ou da propia Xunta Directiva. As sancións poden comprender dende a suspensión dos seus dereitos durante un mes, ata a separación definitiva da Asociación, nos mesmos termos que prevén o artigo 37º.

Art.-41º

Serán obrigas de tódolos asociados:

- a) Comparti-las finalidades da asociación e colaborar para a consecución das mesmas.
- b) Observar unha boa conducta individual e cívica.
- c) Acata-los presentes Estatutos e os acordos validamente adoptados pola Asemblea Xeral.
- d) Aboa-las cotas periódicas, derramas e outras contribucións que acorde a Asemblea Xeral.

- e) Desempeñar fielmente as obrigas inherentes ó cargo que desempeñen.
- f) Cumpri-lo resto de obrigas que resulten destes Estatutos.

TÍTULO IV

DO RÉXIME ECONÓMICO E DA DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Art.-42º

A Asociación carece de patrimonio fundacional e o seu presuposto anual é indeterminado ou, no seu caso, será o que se determine a principios de cada ano pola Asemblea Xeral.

Art.-43º

Formarán parte do patrimonio social todos os bens mobles e inmobles que o Radio Club lugo poida adquirir para un mellor desenrolo dos seus fins, así como aqueles que poidan proceder de donacións altruístas dos propios socios/as ou terceiras persoas, entidades, etc., así como os procedentes de subvencións. Todos eles estarán perfectamente relacionados e inventariados, e darase coñecemento ós/as socios/as da súa existencia en cada unha das Asembleas Xerais Ordinarias.

Art.- 44º

A data de peche do exercicio económico do Radio Club Lugo será a de 31 de decembro e as contas da asociación serán aprobadas anualmente pola Asemblea Xeral, polo que a Xunta Directiva confeccionará unha memoria e un presuposto que deberán ser postas previamente a disposición dos asociados durante un prazo non inferior ós 15 días ó sinalado para a celebración da referida Asemblea Xeral.

Art.-45º

Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento das actividades sociais serán os seguintes:

- a) Cotas de entrada que se han de fixar nas Asembleas Xerais.
- b) As cotas periódicas que acorde a Asemblea Xeral.
- c) As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.
- d) Os produtos dos bens e dereitos que lle correspondan, así como as subvencións, legados, doazóns que poda recibir en forma legal.
- e) Os ingresos que obteña o Radio Club Lugo mediante o exercicio de actividades económicas lícitas que acorde realiza-la Xunta Directiva, incluídas as prestacións de servicios, deberán destinarse exclusivamente ó cumprimento dos seus fins estatutarios.

Art.-46º

A administración dos fondos do Radio Club Lugo, levarase a cabo, sometida á correspondente información e intervención e coa publicidade suficiente, a fin de que tódolos asociados poidan ter coñecemento periodicamente do destino dos fondos, sen prexuízo do dereito consignado a este respecto no apartado g) do art.38 destes Estatutos.

Art.-47º

No caso de disolverse o Radio Club lugo, a Asemblea Xeral que acorde a disolución, nomeará unha Comisión Liquidadora, composta por cinco membros, a cal se fará cargo dos fondos que existan, para que, unha vez satisfeitas as obrigas, o remanente, se o houbera, sexa entregado a calquera entidade legalmente constituída, con domicilio nesta provincia, que se adique a iguais, ou no seu defecto análogos fins, que esta asociación, ou unha entidade benéfica.

Así mesmo, no caso de insolvencia da asociación, a Xunta Directiva, ou, se é o caso, os liquidadores nomeados pola Asemblea Xeral, promoverán de inmediato o oportuno procedemento concursar perante o xuíz competente.

En proba de conformidade co presente proxecto de Estatutos, asinan tódolos membros constituíntes da asociación que se propón.

DILIXENCIA.- Estes estatutos foron modificados para adaptalos ás previsións da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada ó efecto o día de de 200...

Vº e Prace.
O Presidente

O Secretario

Asdo.: Daniel López González

Asdo.: Rafael Coro López